

Comerás o pan
ata que volvas á terra

NILO ARIAS



DATAS E HORARIO

Do 10 ao 24 de febreiro de 2017

De luns a venres, de 8 a 20 h

Sábados, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos e festivos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra

Depósito Legal: PO 89-2017



“Comerás o pan ata que volvas á terra”,

de Nilo Arias. Comisario: Francisco Porto

En “Comerás o pan ata que volvas á terra” Nilo Arias toma como elemento artístico a terra, concretamente un residuo que a propia natureza sedimenta ao longo dos ríos, o lodo. Do mesmo xeito que a propia natureza, o artista comeza unha procura incesante para atopar a esencia e a naturalidade do ser humano sedimentando aquilo que é valioso.

Nilo Arias recorre a un encontro continuo de transformación entre os diferentes lodos atopados na ribeira do río Tambre. Ríos sobre lodos nos que comeza unha deconstrución, ao igual que para Derrida, a propia desedimentación xera infinitamente novos discursos. Nilo realiza en cada unha das pezas unha transformación matérica na que a composición e a descomposición desta nos trasladan á propia natureza humana.

En palabras de Robert Smithson, “a mente e a terra atópanse en constante estado de erosión, ríos mentais desfán ribeiras abstractas, ondas cerebrais socavan acantilados de pensamento, ideas descompóñense ata converterse en pedras de descoñecemento e cristalizaciones conceptuais québranse desintegrándose cara a depósitos de areosa razón”.

En “Comerás o pan ata que volvas á terra” Nilo emprega elementos biodegradables que a simple vista son sinxelos e primitivos. Unha “ecoarte” na que os recursos e materiais básicos de cada unha das pezas son indispensables posto que a súa mutación e o contacto duns con outros debuxa espazos de multirrealidades. Unha transformación permanente entre o ser humano e a natureza, a terra e a auga.

